

VERSOS EN LOOR DO COMANDANTE JOSÉ MORENO TORRES E DO BATALLÓN GALICIA, A MODO DE CANCIÓN DE CEGO

Súa loita foi a defensa
da España republicana,
que o cruel golpe fascista
contra ela se alzaba.

Audaz Batallón Galicia,
de heroica recordación,
para nós, como galegos,
elevadísimo honor.

Foi humilde coruñés
o Comandante Moreno,
sempre en pro da xente humilde.
Traballou de panadeiro.
Coñeceu a emigración,
que a levaba no seu peito,
e sempre, sempre, loitou
polo xusto e polo ético.

Anque importan os partidos,
o importante son os feitos
e os que á súa beira loitaron
o noso eloxio mereceno.
El chegou a comandante
daquel Batallón galego
que soubo sempre loitar
na defensa do Dereito.

Comandante e loitadores
o fascismo combateron.
e nunha traizón infame,
no pobo chamado Acebo,
os falanxistas mataron
doce homes e Moreno.
Este fuxira. Cazárono
e foi torturado arreo:
atárono como a besta
e labazadas lle deron,
e ata nas unllas dos pés
alfinetes lle meteron.

Aldraxárono xa morto:
a súa zamarra puxeron,
pluma de ouro se levaron
e a guerreira subtraeron.
Paseando polo pobo,
ruín entroidada fixeron
gastando burlas infames:
"que buen mozo estás, Moreno"

Case que todo o que conto
- sentindo a súa morte preto -
contouno inmortal velliño
como unha canción de cego,
e que Severiana Murias
canta dun xeito perfecto.
E outros varios cantores
o interpretan con acerto.

A este anónimo cantor
arestora homenaxeo,
pois é para min honor
estampar aquí algúns versos:
"Al Comandante Moreno,
hombre honrado y valiente,
en los montes del Acebo
ahí le disteis la muerte".
E "¿Qué es aquello que reluce
en los altos del Acebo?
Es la estrella de ocho puntas
del Comandante Moreno".

Eu desexo ardentemente
que nunca se dea traizón
que nos encamiñe á guerra.
Non. E non. E non. E non!

Os Tilos, 30/Setembro/2019

Xoán Xosé Fernández Abella